

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

ANUNCIO do 31 de maio de 2022 polo que se dá publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca concurso público para a contratación de persoal docente e investigador contratado.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante, LOU; no Decreto 266/2002, do 6 de setembro (DOG do 17 de setembro), da Xunta de Galicia, sobre contratación de profesorado universitario; no II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e polo establecido nos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG do 12 de febreiro), da Xunta de Galicia, esta reitoría resolve anunciar a convocatoria de concurso público para a contratación de persoal docente e investigador na categoría de profesor asociado (tres (3) prazas) para as áreas de coñecemento:

- Didáctica das Ciencias Experimentais.
- Economía Financeira e Contabilidade.
- Farmacoloxía.

A información completa (bases da convocatoria, modelo de solicitude, etc.) pódese consultar no taboleiro electrónico da USC e na páxina web:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/profesorado/Prazas-PDI/contratados.html>

O prazo de presentación de solicitudes é de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2022

O reitor da Universidade de Santiago de Compostela
P.D. (Resolución do 21.4.2022; DOG do 26 de abril)
Ernesto González Seoane
Vicerreitor de Profesorado

